



**AQUALIA E O CONCELLO DE NIGRÁN CONCLÚEN AS OBRAS DE REPARACIÓN DO SANEAMENTO DA RÚA MANUEL LEMOS**

**Arranxáronse varios tramos do colector, que provocaba filtracións de augas fecais no Colexio de Mallón e en inmobles próximos**

**O Goberno amosa así o seu compromiso polo mantemento das infraestruturas e das instalacións escolares do municipio**

**Nigrán, 12/02/16.-** A concesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento de auga, Aqualia, en colaboración co Concello de Nigrán vén de concluír as obras de reparación no colector de saneamento da rúa Manuel Lemos (San Pedro de A Ramallosa), que presentaba numerosas fendas e xuntas abertas polas que se filtraban augas fecais ao recinto do Colexio de Mallón e aos inmobles próximos.

Os incidentes levan rexistrándose dende hai anos nas canalizacións próximas ao centro educativo e ás vivendas, polo que se procedeu á inspección da zona e á procura dunha solución que arranxe de xeito definitivo un problema medio ambiental grave que, asemade, afectaba a un centro de educación público.

A reparación dos tramos afectados supuxo a renovación íntegra dos colectores, un de 54 metros e outro de 42 metros, en mal estado e con filtracións de fecais cara ao colexio e ao vecindario.

Tanto dende Aqualia como dende os servizos técnicos municipais informaron de que as filtracións se levaban producindo debido a que a canalización de saneamento existente está construída en formigón e este sobrepasa a súa vida útil. Esta situación vese agravada polo intenso tráfico que soporta a rúa Manuel Lemos, o que provoca a desestabilización da capa de



apoio, causando a rotura da mesma, a separación das xuntas e dando orixe aos verquidos rexistrados.

"Actuamos coa máxima celeridade unha vez se nos trasladou este problema por parte dos responsables do centro educativo e dos veciños de Mallón. Manter as infraestruturas en boas condicións é un dos nosos obxectivos e moito máis si estas producen un dano medioambiental e, por riba, afectaN de cheo a instalacións escolares públicas do municipio", apunta Juan González, alcalde da localidade, que xunto co Concelleiro de Educación, Luis Sanromán, achegouse para comprobar o estado e o remate das obras.